- a atención daqueles gastos corrientes de carácter periódico ou repetitivo cuxos fondos librados a xustificar teñan o carácter de anticipos de caixa fixa, segundo o recollido na base núm. 39.

- os gastos de reparación da maquinaria e dos elementos de transporte.
- os gastos cuxa contía non supere os 1.000,00 €.
- os gastos que se refiran a custes propios de servizos reiterados (Correos, SOGAMA, Gas Natural, etc.).

Deste modo, antes de efectuar calquera gasto os responsables dos servizos ou establecementos aseguraranse de que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria á que debe aplicarse este, mediante a emisión da correspondente proposta de gastos, **que será fiscalizada previamente á realización do gasto pola Intervención**, salvo os contratos menores, que seguirán o procedemento sinalado na Base núm. 111, por estar estes exentos de fiscalización previa.

A proposta dos gastos deberá ser conformada polo presidente ou órgano en quen delegue e polo responsable do servizo ou establecemento.

Ningún servizo da Deputación poderá contraer compromiso ningún extraordinario sen a expresa conformidade da Presidencia ou órgano competente.

BASE 109ª.- CONTIDO MÍNIMO DOS CONTRATOS

Se prexuízo do resto de previsións da LCSP e das especialidades dos distintos tipos de contratos, os expedientes de contratación conterán:

- Unha **proposta de contratación** asinada polo responsable do servizo ou unidade administrativa correspondente, que incluírá como mínimo os seguintes extremos:
 - a xustificación da necesidade da contratación proposta;
 - e a xustificación de que a proposta non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación.

- O **informe xurídico da Secretaría Xeral**, de conformidade coa disposición adicional 3ª da LCSP.
- Salvo nos menores, un **informe do Servizo de Intervención** sobre a proposta formulada, no que se recollan os extremos seguintes:
 - Que existe crédito adecuado e suficiente para a contratación proposta.
 - Que se xustificou a necesidade do contrato.
 - Para os contratos de obras, que se xustificou o seu carácter de obras completas susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, no seu caso, de obras susceptibles de aproveitamento independente no senso do uso xeral ou do servizo.
 - No caso dos servizos, que se xustificou que a Deputación non ten medios propios adecuados e suficientes para satisfacer a necesidade obxecto do contrato.
- A **declaración de ausencia de conflito de intereses**, asinada polo secretario, pola interventora e pola persoa responsable do contrato.
- A **resolución da adxudicación**, ditada polo órgano competente.

CAPÍTULO II.- CONTRATOS MENORES

BASE 110ª.- DEFINICIÓN E LÍMITES

De conformidade co artigo 118 da LCSP, terán a consideran de contratos menores os contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 40.000,00 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000,00 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.

En canto á fiscalización, de conformidade con artigo 17 do RCi, os contratos menores estarán exentos de fiscalización previa.

BASE 111ª.- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE E CONTIDO MÍNIMO

Sen prexuízo do contido mínimo común a tódolos contratos recollido na Base núm. 109, nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá en todo caso a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada:

- **a necesidade do contrato;**
- **e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos límites referidos na Base núm. 110.**

Exceptúanse do anterior aqueles contratos cuxo pagamento se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagamentos menores, sempre que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000,00 euros.

Así mesmo, a tramitación do expediente requirirá a aprobación do gasto correspondente e a incorporación da factura pertinente.

Nos contratos menores de obras, deberá engadirse o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa preceptivo. Neste caso, deberá solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, á seguridade ou á estanqueidade da obra.

Non obstante ao anterior, o feito de que o valor estimado e o obxecto do contrato teña cabida na figura do contrato menor non impide que se empregue para a súa adxudicación algún dos procedementos de contratación ordinarios recollidos no artigo 131 da LCSP.

BASE 112ª.- PUBLICIDADE DOS CONTRATOS MENORES

Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4 da LCSP.

CAPÍTULO III.- ESPECIALIDADES NA CONTRATACIÓN

BASE 113ª.- CONTRATO DE SERVIZOS

Nos contratos de servizos, ademais das determinacións anteriores, a proposta deberá incluír a xustificación de que a Deputación carece de medios propios adecuados e suficientes para satisfacer a necesidade obxecto do contrato.

En ningún caso, a entidade contratante poderá instrumentar a contratación de persoal a través do contrato de servizos.

A contratación do servizo e subministración de publicidade e prensa en xeral, en medios de comunicación de todo tipo, tramitarase desde o Departamento de Comunicación para todos os servizos da institución provincial.

BASE 114ª.- CONTRATO DE OBRAS

Nos contratos de obras o redactor ou redactores do correspondente proxecto técnico incluírán na memoria deste as seguintes determinacións:

- a xustificación da necesidade da contratación proposta;
- a xustificación de que a proposta non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación;
- e a xustificación de que a actuación de que se trata constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, no seu caso, que constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral ou do servizo.

Todos os expedientes de contratación de obras de importe superior a 5.000,00 € (IVE incluído) incluirán, ademais, un informe da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos.

Por ningún concepto poderá darse maior ampliación ás obras que o respectivo crédito orzamentario. Para tal efecto, non poderá executarse ningunha obra sen que se teña emitido o correspondente informe favorable pola Intervención. As modificacións ou ampliacións de obra necesitarán o mesmo requisito.

As obras contratadas xustificaranse coas oportunas certificacións expedidas polo correspondente técnico, expresando a obra a que se refire, a cantidade a satisfacer a boa conta, o crédito que no orzamento se lle sinalou e a cifra pendente de execución.

Para o pagamento, será necesaria a factura expedida polo contratista.

Na primeira orde de pagamento que se lle expida a un contratista acreditarase a constitución da fianza definitiva.

Deberá igualmente acreditarse polo contratista para o pagamento da primeira certificación a instalación a pé de obra dun cartel informativo onde consten o logotipo e o nome da Deputación Provincial de Ourense, a denominación do investimento e o seu orzamento coa achega provincial que o financie, segundo o modelo publicado na web institucional.

De selo caso, deberá figurar así mesmo no dito cartel, o financiamento procedente da EU ou doutras administracións, nos termos establecidos pola normativa correspondente.

A execución de obras e a redacción dos proxectos ou documentación técnica regularase polo disposto na LCSP.

BASE 115ª.- CONTRATO DE SUBMINISTRACIONES

As subministracións de tódalas clases para os establecementos e servizos provinciais contrataranse mediante concurso en canto superen os límites legais para a adquisición directa.

Para tal efecto, os administradores dos establecementos e os xefes dos servizos remitiranlle á Secretaría ou a Réxime Interior, coa debida antelación, o detalle das necesidades destes para un trimestre, semestre ou ano, segundo crean máis convinte.

Seguidamente, a dependencia correspondente redactará as bases oportunas do concurso para proceder á contratación.

Do mesmo xeito procederase cos contratos de publicidade en medios e cos contratos de subscricións a publicacións periódicas.

Poderán crearse para estes efectos as correspondentes xuntas de compras, previstas na disposición adicional terceira da LCSP.

BASE 116ª.- IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

No que respecta ás facturas que se presenten nos establecementos e servizos provinciais por empresarios ou profesionais que realicen as entregas de bens ou presten os servizos suxeitos ao imposto sobre o valor engadido (IVE), terase en conta que nelas deben figura-los requisitos seguintes:

- a) Nome e apelidos ou razón social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- b) Liquidación do imposto: determinándose a base imponible, tipo tributario e cota. Cando esta se repercute dentro do prezo, indicarse unicamente o tipo tributario aplicado, ou ben a expresión "IVE engadido".

En vendas polo miúdo ou servicios directos ao establecemento provincial, as facturas poderán ser substituídas por vales numerados ou, no seu defecto, por billetes expedidos por máquinas rexistradoras.

BASE 117^a.- IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Nas facturas polos rendementos do traballo ou de actividades profesionais, artísticas ou deportivas, que estean suxeitas ao pagamento do imposto sobre a renda das persoas físicas farase constar o nome, apelidos e o NIF, con indicación da cantidade íntegra e do retido polo imposto, para o seu posterior ingreso pola Deputación na Delegación de Facenda.

Tratándose de contraprestacións dunha actividade profesional, artística ou deportiva aplicarase a retención prevista no Regulamento do IRPF.

No caso de contratos por tempada inferior ao ano, sempre que non se trate de traballadores fixos por obras, a retención a aplicar será do 2 por cento; agás cando se trate de traballadores manuais que perciban as súas retribucións por xornais diarios, suposto no que a base a aplicar da táboa xeral de porcentaxes será o resultado de multiplicar por 100 o importe dun xornal diario dos que perciba o traballador, sen que en ningún caso poida ser inferior ao 2 por cento.

TÍTULO IX.- SUBVENCIONES

CAPÍTULO I.- DISPOSICIONES XERAIS

BASE 118ª.- REQUISITOS PROCEDIMENTAIS

Sen prexuízo do resto de requisitos establecidos pola lexislación aplicable e pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense, o outorgamento de subvencións deberá cumprir os seguintes requisitos:

- A aprobación e publicación das bases reguladoras da subvención, nos termos fixados pola lexislación vixente.
- A competencia do órgano administrativo concedente.
- A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se deriven da concesión da subvención.
- A tramitación do procedemento de concesión dacordo cos normas que resulten de aplicación.
- A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos términos previstos na normativa aplicable.
- A aprobación do gasto polo órgano competente.

BASE 119ª.- PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES

De conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS en diante), e co establecido no Título III da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aprobarase un plan estratéxico de subvencións, co contido que se prevé na normativa citada, como

requisito indispensable para a tramitación de calquera expediente de concesión de subvencións.

BASE 120ª.- ACREDITACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

Os perceptores de subvencións acreditarán ordinariamente encontrarse ao corrente de obrigas tributarias e coa seguridade social mediante a aportación dos certificados correspondentes, emitidos, segundo o caso, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola Axencia Tributaria Galega e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, co alcance e validez que se determinen nos ditos certificados e, excepcionalmente, nos casos que así se determine, mediante a **declaración responsable asinada ao respecto polos perceptores.**

CAPÍTULO II.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

BASE 121ª.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación das subvencións de capital será o establecido nas bases reguladoras ou no acto administrativo de concesión.

Poderá concederse unha prórroga que non exceda do 31 de decembro do exercicio, salvo que se solicite e se autorice pola Área de Intervención.

En ningún caso poderá prorrogarse un prazo de xustificación que xa estivese vencido no momento da solicitude.

As subvencións correntes non serán obxecto de prórroga, salvo causas de forza maior.

BASE 122ª.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS SUBVENCIONABLES

As bases reguladoras da subvención ou, no seu defecto, o acto de concesión, determinarán a modalidade de xustificación aplicable entre as legalmente previstas: conta xustificativa, xustificación por módulos ou xustificación por presentación de estados contables.

En ausencia de previsión ao respecto, entenderase que a modalidade de xustificación será a de presentación de **conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, que terá carácter simplificado nas subvencións de importe inferior a 60.000 euros.**

Así mesmo, en ausencia de determinacións específicas nas bases de execución ou no acto de concesión, o contido da conta xustificativa será o establecido no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 22 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS (RD 877/2006 en adiante), con carácter xeral, e no artigo 75 do dito regulamento, no caso de subvencións de importe inferior a 60.000 euros.

Consideraranse como **documentos de valor probatorio** no tráfico xurídico mercantil as **facturas**.

Exceptúanse do anterior aqueles gastos respecto os cales non exista obriga legal de facturar, ou ben non sexa posible a emisión de factura debido á natureza do gasto subvencionable.

Nestes supostos consideraranse como documentos de valor probatorio os seguintes:

- No caso de **gastos de persoal**, as **nóminas**, acompañadas dos documentos de cotización ante a Seguridade Social e o pagamento correspondente ao recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1), e os modelo 111 de retencións e ingresos a conta de IRPF e o seu pagamento, e/ou o modelo 190 de retencións e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), correspondentes ao período obxecto de subvención. Non se entenderán xustificadas os gastos de persoal que non veñan acompañados de tódolos documentos relacionados anteriormente.
- No resto de supostos, admitirase como documento acreditativo do gasto un **recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo** (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, no seu caso, **o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pagamento, e/ou o modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), en relación cos importes retidos polo dito concepto.**
- No caso de desprazamentos xustificados mediante recibo, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. O resto de gastos como peaxes ou comidas/ceas (que non se xustifiquen como dietas) xustificados mediante recibo, so serán admisibles se ao recibo se achega o correspondente ticket.
- No caso de prestación de servizos consistente en **arbitraxes** en actividades deportivas, requirirase ademais da documentación sinalada no parágrafo

anterior, unha **certificación do colexio de árbitros competente**.

- No caso de pagamentos de **desprazamentos** de deportistas, requirírase unha **declaración xurada dos desprazamentos**, co visto e prace do presidente e secretario do club.

Para os **gastos de manutención, establécese unha porcentaxe máxima do 20% na xustificación**.

Non obstante, a previsión do parágrafo anterior non será de aplicación naquelas convocatorias nas que as actividades culturais ou recreativas teñan como obxecto principal a exaltación, difusión ou posta en valor de tradicións ou produtos típicos de carácter gastronómico, tales como magostos ou festas gastronómicas en xeral, ou festas tradicionais que teñan entre os elementos esenciais do seu obxecto a realización de actividades de tipo gastronómico, como é o caso do Entroido.

Os gastos de bebidas alcohólicas de alta graduación **non serán subvencionables**. Non obstante, esta exclusión non será de aplicación aos gastos en cervexa e viño (considerados como alimento), sempre que o importe total non supere o 15% do importe xustificado.

Nos casos de xustificación de subvencións cuxo obxecto sexan obras nas que exista a obriga de redacción de proxecto segundo a lexislación vixente, ademais das facturas correspondentes, deberá presentarse a **certificación de execución subsrita por un facultativo competente**.

Os documentos xustificativos presentados para a xustificación das subvencións (tales como facturas, certificacións de obras, recibos e demais documentos análogos) deberán reunir os requisitos que estableza a normativa vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

En relación co anterior, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados como xustificación das subvencións concedidas, os beneficiarios deberán presentar no momento da xustificación o

modelo de declaración de IVE, que para tal efecto se encontra dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

A periodicidade en relación cos documentos xustificativos será, como regra xeral, anual, agás nos supostos nos que as bases reguladoras dos concursos ou o acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a subvención indiquen outra periodicidade.

Cando a contía xustificada se encontre **por debaixo do 25 % do proxecto** da subvención, esta **entenderase automaticamente como non xustificada**.

O prazo de xustificación das subvencións se establecerá nas bases reguladoras dos propios concursos ou, no caso das subvencións nominativas, no acordo da Xunta de Goberno.

Só serán válidos aqueles gastos cuxa data de emisión sexa igual ou anterior á data de xustificación, salvo no suposto de prórrogas, cuxas datas dos documentos xustificativos serán igual ou anteriores á data de xustificación establecida pola prórroga.

As solicitudes realizadas polos beneficiarios de subvencións para cambiar a finalidade ou o beneficiario destas soamente serán admitidas na Deputación Provincial **ata o 30 de setembro**.

CAPÍTULO III. SUBVENCIONES NOMINATIVAS

BASE 123^a.- SUBVENCIONES NOMINATIVAS

No ejercicio 2023 serán carácter **nominativo inicialmente** as subvencions recollidas no **Anexo IV** das presentes bases, así como as que figuren como tal nas aplicacións orzamentarias dos capítulos IV e VII do Orzamento de Gastos.

ANEXO I

SERVIZOS ESPECIAIS E INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO

Traballador/a:		Grupo:	
Posto de traballo:		Tipo Xornada:	
Relación Laboral:		Mes:	
Servizo:		Tempo xantar:	

Detalle de cometido, datas e horarios:

Día	Tipo	Cometido	Km	Data	Hora Saída	Hora Chegada	Horas Día	Horas Noite	Dieta	1/2 Dieta	Axuda Enteira	Axuda Aloxamento
Km Totais.....			0,00	Totais		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Gasto autorizado:

0,00	Axudas de custo enteira		0,00
0,00	Axudas de custo de aloxamento		0,00
0,00	A.C. manutención		0,00
0,00	A.C. 1/2 manutención		0,00
	Gastos Varios		0,00
0,00	Horas diurnas		0,00
0,00	Horas nocturnas e festivos*		0,00
	Horas diurnas a compensar con vacacions		0,00
	Horas nocturnas a compensar con vacacions		0,00
0,00	Quilómetros		0,00
Total días de vacaciones			
Total importe indemnización			0,00 €

CONFORME: Ourense, de de 202 de	COMPROBADO: Ourense, de de 202 de	REALIZADO O COMETIDO: Ourense, de de 202 de O Traballador/a,
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:

O DEPUTADO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL
P.D. Decreto de 11 de xullo de 2019

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño

ANEXO II

ESTADO RESUMO DA CONTABILIDADE			
GRUPO POLÍTICO:			
PERÍODO XUSTIFICADO:			
1.- IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS:			
	705000	ASIGNACIÓNS POLÍTICAS:	
	706000	OUTROS INGRESOS:	
		(especificar):	
6.- GASTOS DE PERSOAL:			
	640000	SOLDOS E SALARIOS:	
	642000	SEGURIDADE SOCIAL:	
7.- OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN:			
	621000	ARRENDAMENTOS E CÁNONS:	
	621001	ALUGUER EQUIPOS DE SON:	
	621002	ALUGUER EQUIPOS INFORMÁTICOS:	
	621003	ALUGUER FOTOCOPIADORAS:	
	622000	MANTENIMENTO INFORMÁTICO:	
	623000	SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES:	
	626000	SERVIZOS BANCARIOS E SEMELLANTES:	
	627000	PUBLICIDADE, PROPAGANDA:	
	629000	GASTOS DE REPORTAXES/EVENTOS:	
	629001	GASTOS MATERIAL OFICINA:	
	629003	ENCUADERNACIÓNS/FOTOCOPIAS:	
	629006	GASTOS FUNCIONAMENTO PARTIDO:	
	629007	OUTRO GASTOS:	
		(especificar)	

Ourense, a de de
O voceiro/representante legal do Grupo Político Provincial,

Asdo.:

ANEXO III

EXTREMOS ADICIONAIS NA FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA E A INTERVENCIÓN PREVIA DO RECOÑECEMENTO DA OBRIGA E DA INVERSIÓN.

En relación cos gastos suxeitos a fiscalización e intervención limitada previa, revisaranse os puntos que se detallan no artigo 8 do Regulamento de control interno aprobado pola entidade e adicionalmente os aspectos que se recollen deseguido.

1. EXPEDIENTES DE PERSOAL

FASE A E D

1.1 INGRESO DE NOVO PERSOAL AÓ SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL, SEXA FUNCIONARIO OU PERSOAL LABORAL FIXO.

- As bases estean adaptadas á normativa vixente.
- Que o tribunal encargado de realizar o proceso selectivo teña a titulación e categoría profesional necesaria así como coñecementos técnicos suficientes.
- As prazas se atopen dentro da Oferta pública de emprego, que sexan obxecto de informe favorable de Intervención e se cumpriu coas pertinentes publicacións das mesmas.

1.2 BASES PARA PROVISION DEFINITIVA DE POSTOS DE TRABAJO

- Bases adaptadas á normativa vixente.
- Méritos vinculados co posto de traballo e que a súa especificidade non vulnere a libre concurrencia.
- No caso de libre designacion, que se establezan uns criterios mínimos que eviten a arbitrariedade do órgano decisorio e lle permitan xustificar a súa decisión.
- No caso de concurso, que o tribunal encargado de realizar o proceso selectivo teña a titulación e categoría profesional necesaria así como coñecementos técnicos suficientes.

- Existencia do posto na RPT

1.3 CONTRATACION DE PERSOAL AO SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL CUNHA RELACIÓN TEMPORAL.

Ben sexa funcionario interino ou persoal laboral temporal, ademais dos de carácter xeral en todos os expedientes, comprobarase a executividade dos recursos que financian a proposta. Isto é importante naquelas contratacións vinculadas a subvencións ou proxectos de gastos financiados con achegas de axentes externos.

Ademais, fiscalizarase:

- Bases adaptadas á normativa vixente.
 - Informe do xefe de servizo sobre o custo salarial que servirá para poder verificar polo órgano de intervención a existencia de crédito.
 - Xustificación da contratación e a súa adaptación á normativa vixente.
 - Informe de secretaria ou órgano xurídico competente.

1.4 PERSOAL EVENTUAL

- Determinarase polo Pleno da Corporación.
- Nomeamento e cese corresponde ao Presidente da Entidade. Cesan automaticamente cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que lle presten a súa función de confianza ou asesoramento.
- Os seus nomeamentos, o réxime das suas atribucións e a súa dedicación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.
- Comprobarase, que se cumpre cos límites máximos de persoal eventual establecidos no artigo 104 bis da LBRL.
- Proposta onde se detallen as funcións e salarios.
- Que a persoa nomeada ten titulación suficiente para o desempeño do seu posto.
- Informe xurídico favorable.

En todos os casos anteriores, comprobarase a existencia de:

- Certificado acreditativo, expedido polo órgano competente indicando que os postos a cubrir figuran detallados nas respectivas relacións ou catálogos de posto de traballo e estean vacantes.

- Ter cumprido o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias nos termos establecidos pola normativa que en cada caso resulte de aplicación.
- Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedido polo órgano competente.
- Adecuación do contrato que se formalizara co disposto na normativa vixente.
- Que as retribucións establecidas no contrato axústense ao convenio colectivo que resulte de aplicación.

FISCALIZACION DA FASE O E P .

O recoñecemento da obriga no caso do persoal ao servizo da administración provincial situarase no momento do pago da nómina. Conforme ao exposto na Base 99ª , das Bases de execución do Orzamento, o pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal desta Deputación efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día 20 de cada mes, data límite para entregar en Intervención os partes de variación. Os que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte, incluídas as novas contratacións.

Os termos básicos a verificar serán:

Con carácter xeral:

- Existencia e adecuación do crédito
- Competencia do órgano para aprobar as nóminas
- Executividade dos recursos que financian a proposta naqueles casos de nóminas vinculadas a plans ou programas.

Con carácter específico:

- Formalización das nóminas: Que estean asinadas polo órgano responsable na súa formación e remitida a proposta para a súa autorización ao órgano competente.
- Variación na nómina: Comprobación aritmética efectuando o cadro do total da nómina co resultante do mes anterior mais a suma alxebrica das variacións incluídas na nómina do mes de que se trate.

- Xustificación documental nos seguintes supostos de alta e variación na nómina para cada un dos seguintes grupos:
 - Cargos políticos ou persoal eventual: Copia do acordo Plenario no que se fixaron as súas retribucións , copia do documento no que se indique a data da súa publicación oficial, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación das retribucións.
 - Persoal en réxime estatutario de novo ingreso: Acordo de nomeamento, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación de que as retribucións estean conformes ao grupo ou posto de traballo que lle pertence.
 - Persoal laboral de novo ingreso: Copia do expediente de contratación sobre o que foi exercida a fiscalización do gasto, e do contrato formalizado en todo caso.
- Fiscalización do resto das obrigacións reflectidas na nómina (complementos, descontos, retencións..).

Tal e como se especifica no capítulo I, do Título VII, das Bases de execución dos Orzamentos,

Para o persoal funcionario e laboral fixo, o soldo, trienios e pagas extraordinarias que correspondan ao soldo, trienios e pagas extraordinarias que correspondan aos diversos grupos de clasificación de acordo coa Lei 30/1984, percibiranse nas contías sinaladas para os efectos na Lei de orzamentos do Estado, respetando a definición de conceptos retributivos nela establecida.

O complemento de destino será o correspondente ao nivel de posto de traballo que desempeñe o funcionario e a súa contía virá igualmente determinada pola fixada para os efectos pola Lei de orzamentos do Estado.

O complemento específico ven determinado pola relación de postos de traballo (RPT).

Para o persoal eventual, contratado ou interino, dentro do cadro de funcionarios unido ao orzamento figurará o número e as características do persoal eventual.

Durante a vixencia do orzamento, cubriranse en caso de necesidade xustificada, con persoal interino, as vacantes de funcionarios e laborais fixos do cadro

de persoal de funcionarios, efectuándose a provisión de postos de traballo e cesamento dos mesmos de conformidade coa normativa en vigor.

Percibirán as súas retribucións con cargo ás consignacións previstas para o posto vacante a cubrir interinamente.

Para os supostos de substitucións e contratacións temporais sen vacante en cadro de persoal, consignarase unha cantidade destinada a cubrir tales contingencias.

Tales contratos rexeranse polas normas laborais aplicables, facultando con carácter xeral á presidencia da corporación para efectuar os mesmos, con observancia das normas que aprobe a Corporación.

Outros extremos adicionais a considerar na comprobación dos expedientes de persoal serán, no suposto que o órgano de intervención estea dotado dun equipo de persoal formado e capacitado para podelo levalo a cabo serán:

Anticipos de pagamentos a funcionarios e persoal laboral fixo (Base 100ª do Orzamento)

Poderanse conceder anticipos reintegrables das retribucións líquidas que lle corresponda percibir ao solicitante, nos termos que se acorden no convenio colectivo e acordo regulador, sempre que a xuízo da Deputación se xustifique a necesidade invocada. Estes anticipos solicitaranse mediante instancia; co informe do negociado de persoal e de intervención, expedirase a orde de pagamento, unha vez aprobada a concesión.

Os reintegros das cantidades anticipadas efectuaranse en 24 mensualidades no caso dos grupos A1, A2, B e C1, e en 36 mensualidades para os grupos C2 e agrupacións profesionais, sen prexuízo de que os interesados poidan entregar maiores sumas para anticipar a amortización.

Mensualmente, ao tempo de facer efectivos os seus haberes, seranlles descontado aos empregados a parte proporcional que proceda.

2. EXPEDIENTES DE CONTRATACION ADMINISTRATIVA.

A fiscalización dos expedientes de contratación axustarase ao disposto no Título VIII das bases de execución do Orzamento, sen prexuízo dos requisitos adicionais seguintes.

2.1 CONTRATOS MENORES.

Están exentos de fiscalización previa en virtude do establecido no artigo 219.1 do TRLRHL e no artigo 17 deste regulamento de control interno, realizándose a intervención previa do recoñecemento da obriga e da inversión mediante a comprobación dos seguintes extremos:

a) Que consta a aprobación do gasto polo órgano competente (art. 118 da Lei 9/2017, de contratos do sector público) , salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obriga deban realizarse simultaneamente, e estean determinados o obxecto, prezo e prazo de execución do contrato (art. 29 Lei 9/2017), Acreditarase mediante o documento contable AD ou ADO.

b) Os documentos xustificativos da obriga axústanse as disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación. Acreditarase, no seu caso, mediante factura expedida polo adxudicatario de conformidade co Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que aprobase o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que será conformada de acordo co establecido na Base 35^a das Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial.

c) Que exista, nos contratos menores de obra, o orzamento das obras e o proxecto informado pola Oficina de supervisión de proxectos cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra. (art. 118. 2 Lei 9/2017).

d) Que existe o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, que non estea alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

e) Que se comprobou a efectiva e conforme realización da obra, servizo, subministración ou gastos.

Nas Base 111^a do Orzamento especificase a forma de tramitar os contratos menores pola Deputación.

2.2.-CONTRATO DE OBRAS, con excepción dos que se adxudiquen no marco dun sistema de racionalización técnica de contratación, os extremos adicionais a os que se refire o apartado primeiro 1 g) do acordo do consello de ministros de 25 de xullo de 2018, son os seguintes:

1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO (FASE

RC/A).

a) Informe ou Informe proposta do servizo no que se xustifique a utilización do contrato

b) Informe da Oficina de Supervisión do Proxecto (ACM2018 2º 1.1.A.)

c) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 67 RGLCAP).

d) No caso que, para a determinación da mellor oferta, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato; e que cando se utilice un único criterio, éste estea relacionado cos costes; se o único criterio é o prezo, verificarase que éste sexa o prezo mais baixo; nos casos nos que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación se base na mellor relación-prezo, que se establezcan con arreglo a criterios económicos e cualitativos. (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 145,146 y 148 LCSP).

e) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificarase que na selección da oferta se tome en consideración mais dun criterio de adxudicación en base á mellor relación calidad-prezo.

f) Cando se prevexa a utilización de varios criterios de adxudicación o criterio único distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou que o documento descriptivo estableza os parámetros obxetivos para identificar as ofertas anormalmente baixas. (ACM2018 2º 1.1.A.)

g) No seu caso, que a documentación relativa aos criterios nos que a ponderación dependa dun xuízo de valor, presentarse en sobre ao arquivo dixital independente do resto da proposición (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 157.2 LCSP)

h) Cando se propoña como procedemento de adxudicación un procedemento con negociación, comprobarase que concurren os supostos previstos nos artigos 67 y 168 LCSP. (ACM 2018 2º 1.1.A.)

i) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, que se cumpra algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da LCSP, e no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento

descriptivo se fíxe a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito. (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 131.2, 167 e 172.3 LCSP).

j) Cando se prevexa no Prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, verificarase que a porcentaxe previsto non sexa superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non supoñerá o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato. (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 204 LCSP).

k) Cando se prevexa no Prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da subasta electrónica, verificarase que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma baseanse en modificacións referidas ao prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 143.3 LCSP).

l) Cando se propoña o procedemento aberto simplificado que atende as condicións previstas no art. 159.1 LCSP. No caso de que este procedemento se tramite segun o previsto no artigo 159.6 de dita Lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado en dito apartado e que entre os criterios de adxudicación non hai ningun evaluable mediante xuízo de valor. (ACM2018 2º 1.1.A.)

m) Informe xurídico. (DA. 3ª.8 LCSP)

n) Fiscalización previa da autorización do gasto e informe da intervención.

o) Acta de replanteo previo (ACM2018 2º 1.1.A.); art. 231 e 236 LCSP; 138.2 RGLCAP).

2. COMPROMISO DO GASTO. ADXUDICACIÓN (FASE AD/D)

Con ocasión da asistencia da Intervención á Mesa de contratación comprobarase:

a) Cando se declare a existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, que exista constancia da solicitude da

información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servizo técnico correspondente (ACM2018 2º 1.1.B.); art. 149.4 LCSP).

Na fase de Adxudicación:

a) Borrador/Proposta de adxudicación conforme as disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación fiscalizada pola intervención

b) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa, que exista decisión motivada do órgano de contratación (ACM2018 2º 1.1.B.a); art. 157.6 LCSP).

c) Cando se utilice o procedemento con negociación, Informe no que se manifeste, que hai constancia, no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, así como as vantaxas obtidas na negociación (ACM2018 2º.1.1. B. c): art. 169.1, 169.6 y 170.1 LCSP).

d) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 LCSP, que se detallen na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto (ACM2018 2º.1.1. B. e): art. 102.7 LCSP).

e) Acredita-la constitución da garantía definitiva, salvo no caso previsto no caso previsto no artigo 159.6 (ACM2018 2º.1.1. B. e): art. 107, 108 e 109 LCSP).

f) Que se acredite que o licitador que se propon como adxudicatario presentou a documentación xustificativa das circunstancias a que se refiren as letras a)

e) do artigo 140.1 da Lei de Contratos do Sector Público que procedan, incluíndo no seu caso a daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra; ou bien, que se acredite a verificación dalgunha ou todas esas circunstancias mediante certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou da correspondente base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, coas dúas seguintes excepcións, no procedemento aberto simplificado tramitado conforme ao artigo 159.4 de dita Lei, no que só se examinara que se aportou o

compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da Lei e no procedemento abreviado tramitado conforme ao artigo 159.6 da Lei cando se constituía a Mesa, no que non procederá a aplicación deste extremo. (ACM2018 2º 1.1.B.1)

3. FORMALIZACIÓN.

a) No seu caso, que se acompañe certificado/documento do órgano de contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación ou dos recursos interpostos, ou ben, certificado de non acordarse da medida cautelar que suspenda o procedemento. (ACM2018 2º 1.2)

b) No suposto de que interpuxese recurso contra a adxudicación, comprobarase igualmente que recaíu resolución expresa do órgano que resolverá o recurso, xa sexa desestimando o recurso ou recursos interpostos, ou acordando o levantamento da suspensión ou da medida cautelar. (ACM2018 2º1.2)

4. MODIFICADOS.

4.1. INICIO DO MODIFICADO.

a) Borrador/Proposta da modificación do contrato conforme ás disposicións legais e regulamentarias que lle son de aplicación (ACM2008 9º.1.2; art. 242.4 LCSP y 102 RGLCAP).

b) Informe do Servizo xurídico. (ACM2018 2º 1.2)

c) Informe que acredite que no caso das modificacións previstas no artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se incluían novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompañe informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superen as porcentaxes máximas previstos no devandito artigo. (ACM2018 2º 1.2)

d) Que existe proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e non resulte procedente pola razón da contía, que ao expediente se incorpore pronunciamento expreso de que as obras do

proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.
(ACM2018 2º 1.2)

- e) Que exista acta de replanteo previo. (ACM2018 2º 1.2)

4.2. FINALIZACIÓN DO MODIFICADO.

- a) No seu caso, Dictame do Consello Consultivo. (ACM2018 2º 1.2)
- b) En caso de separarse da proposta de inicio:

Borrador/Proposta de modificación do contrato conforme ás disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación (art. 242.4 LCSP e 102 RGLCAP).

- i. Informe do Servizo xurídico. (ACM2018 2º 1.2)

- ii. Informe que acredite que, no caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, a posibilidade de modificar o contrato atopase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompañe informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superen as porcentaxes máximas previstos en dito artigo. (ACM2018 2º 1.2)

- iii. Que exista proxecto informado pola Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e non resulte procedente pola razón da contía, que ao expediente se incorpore pronunciamiento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra. (ACM2018 2º 1.2)

- iv. Que exista, acta de replanteo previo. (ACM2018 2º 1.2)

5. REVISIÓNS DE PREZOS (APROBACIÓN DO GASTO):

- a) Que se cumpran os requisitos recollidos no artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que o prego de cláusulas administrativas particulares estableza a fórmula de revisión aplicable. (ACM2018 2º 1.3)

- b) No caso de que para o contrato que se trate se aprobase

unha fórmula tipo, verificarase que non se inclía outra fórmula de revisión diferente nos pregos. (ACM2018 2º 1.3)

6. CERTIFICACIÓNS DE OBRA. (FASE O).

a) Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

b) Borrador /Proposta de Resolución ao órgano competente para o recoñecemento da obriga do gasto e aprobación da certificación da obra.

c) Informe xurídico elaborado nos termos dos Art. 172 e 175 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais.

d) Que exista certificación, autorizada polo facultativo Director da obra e coa conformidade dos Servizos correspondentes do órgano xestor. (ACM2018 2º1.4)

e) Recoñecemento da obriga do IVA devengado no pago das certificacións de obra: aparte a empresa adxudataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica. (ACM2018 2º1.5)

f) No caso de efectuarse anticipos dos previstos no artigo 240.2 da Lei de Contratos do Sector Público, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares e que se presentou a garantía esixida (ACM2018 2º1.4)

g) Cando a certificación de obra inclua revisión de prezos , para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que aplicara a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares. (ACM2018 2º1.4)

h) Cando o importe acumulado dos abonos á conta vaia ser igual ou superior, co motivo do seguinte pago ao 90 por cento do prezo do contrato, incluídas, no seu caso, as modificacións aprobadas, que se acompañe, cando resulte preceptiva, comunicación efectuada á Intervención xeral da Administración do Estado para a designación

dun representante que asista á recepción, no exercicio das funcións de comprobación material da inversión, conforme ao sinalado no segundo párrafo do artigo 198.2 da Lei de Contratos do Sector Público. (ACM2018 2º1.4)

i) No caso de efectuarse pagos directos a subcontratistas, comprobar que tal posibilidade está contemplada no prego de cláusulas administrativas particulares, conforme á disposición adicional 51.ª da Lei de Contratos do Sector Público. (ACM2018 2º1.4)

7. CERTIFICACION FINAL DE OBRA (FASE O).

a) Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

b) Borrador /Proposta de Resolución ao órgano competente aprobación da certificación final de obra.

c) Informe xurídico elaborado nos termos dos Art. 172 e 175 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais.

d) Que exista certificación final, autorizada polo facultativo Director da obra. (ACM2018 2º 1.6)

e) Que exista Informe da Oficina de supervisión de proxecto, se procede (ACM2018 2º 1.6)

f) Que se acompaña acta de conformidade da recepción da obra ou, no seu caso, acta de comprobación a que se refire o artigo 168 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas ou acta de comprobación e medición a que se refire o artigo 246.1 da Lei de Contratos do Sector Público. (ACM2018 2º 1.6)

g) Que se aporte factura emitida pola empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica. (ACM2018 2º 1.6)

h) Cando se inclua revisión de prezos, para o seu abono, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 103.5 da Lei de Contratos do Sector Público e que se aplica a fórmula de revisión prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

(ACM2018 2º 1.6)

8. LIQUIDACIÓN

a) Borrador /Proposta de Resolución ao órgano competente para o recoñecemento da obriga do gasto e aprobación da liquidación do contrato.

b) Informe xurídico elaborado nos termos dos Art. 172 e 175 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais.

c) Que exista informe favorable do facultativo Director de obra. (ACM2018 2º 1.7) Art. 243.3 LCSP).

d) Que exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, se procede. (ACM2018 2º 1.7)

e) Que se aporte factura emitida pola empresa adjudicataria de acordo co previsto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e, no seu caso, na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica. (ACM2018 2º 1.7)

9. PAGO DE XUROS DE DEMORA E DA INDEMNIZACIÓN POLOS CUSTOS DO DE COBRO (FASE ADO).

a) Borrador / Proposta de Resolución de aprobación do pago de xuros.

b) Que exista informe do Servicio xurídico. (ACM2018 2º 1.8)

10. INDEMNIZACIÓN A FAVOR DO CONTRATISTA (FASE ADO).

a) Borrador /Proposta de Resolución ao órgano competente para o recoñecemento da obriga do gasto.

b) Que exista informe do Servizo xurídico. (ACM2018 2º 1.9)

c) Que exista Informe técnico. (ACM2018 2º 1.9)

d) Que, no seu caso, exista dictame do Consello Consultivo. (ACM2018 2º 1.9)

11. RESOLUCIÓN DO CONTRATO (FASE ADO/O).

a) Borrador / Proposta de Resolución con pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, se constituise constituída (art. 213.5 LCSP).

b) Que, no seu caso, exista informe do servizo xurídico. (ACM2018 2º 1.10)

c) Que, no seu caso, exista dictame do Consello do Consello Consultivo. (ACM2018 2º 1.10)

12. PAGO DE PRIMAS OU COMPENSACIÓNS AOS PARTICIPANTES NO DIALOGO COMPETITIVO OU AOS CANDIDATOS OU LICITADORES NO CASO DE RENUNCIA A CELEBRACIÓN DO CONTRATO OU DESESTIMENTO DO PROCEDIMENTO (FASE ADO).

a) Borrador / Proposta de Resolución de pago de prima a compensacións e que, no seu caso, esta circunstancia estea prevista no prego, anuncio ou documento descriptivo. (ACM2018 2º 1.11)

b) Informe xurídico elaborado nos termos dos Art. 172 e 175 do Regulamento de Organización e Funcionamento e rexime xurídico das Entidades Locais.

2.3.-CONTRATACIÓN CONXUNTA DE PROXECTO E OBRA.

Contratación conxunta de proxecto e obra: A fiscalización destes expedientes realizarase conforme ao previsto para os de obras en xeral, coas seguintes especialidades:

2.3.1. CASO XERAL

1. APROBACIÓN E COMPROMISO DO GASTO. (FASES RC/A)

